

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das persoas aspirantes definitivamente admitidas nos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG n.º 20, do 31 de xaneiro, corrección de erros, DOG n.º 59, do 25 de marzo) (código de procedemento ED001A).*

Logo de aprobar e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas mediante Resolución do 4 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e, unha vez nomeados os tribunais que xulgarán o proceso selectivo mediante a Resolución do 25 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e feita pública a súa composición no Diario Oficial de Galicia (DOG n.º 106, do 3 de xuño), tendo en conta que nalgunhas especialidades foi nomeado máis dun tribunal, procede distribuír as persoas aspirantes que corresponde xulgar a cada tribunal, polo cal esta esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Aprobar e facer pública, como anexo I, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/>, a asignación, aos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e de adquisición de novas especialidades ao corpo de mestres, das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos no apartado quinto da base primeira da citada orde de convocatoria.

Segundo.-Aprobar e facer pública, como anexo II, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/>, a asignación, aos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores de artes plásticas e deseño, das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos no apartado quinto da base primeira da citada orde de convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo



